



O SERGAS NOMEA A 6 NOVOS XEFES DE SERVIZO DE ATENCIÓN PRIMARIA NA ÁREA SANITARIA DE VIGO

- *O DOG publica a resolución da convocatoria pública pola que se nomea aos xefes de servizo de Lavadores, Casco Vello, Beiramar, A Cañiza, Ponteareas, e Sárdoma*
- *Enlace á RESOLUCIÓN do 13 de setembro de 2021, da Xerencia da Área Sanitaria de Vigo, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión de varios postos de persoal licenciado sanitario (xefe/a de servizo de atención primaria): <https://www.sergas.es/Recursos-Humanos/ASV-Xefaturas-de-servizo-de-atencion-primaria-de->*

Vigo, 24 de setembro de 2021. O Diario Oficial de Galicia publica, na súa edición do 22 de setembro, a resolución da Xerencia da Área Sanitaria de Vigo pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión de varios postos de xefe/a de servizo de Atención primaria.

Neste senso, os novos xefes de servizo de atención primaria nomeados son as doutoras Carmen Durán no servizo de Lavadores, Rosa Piñeiro en Casco Vello, María Pilar Moix en Beiramar e María Raquel Plana en Ponteareas; e os doutores José A. González en A Cañiza e Fernando Lago en Sárdoma. Así mesmo, declarouse deserto o posto de Moaña.

Os novos nomeamentos enmárcanse no proceso de resolución dos procedementos para renovar as xefaturas de servizo vacantes nos centros de saúde da área sanitaria. Nos próximos días vaise seguir avanzando na resolución deste proceso de xeito que a finais do ano estean todas as xefaturas cubertas.

A Xerencia quere agradecer especialmente a determinación con que estes profesionais asumen as súas respectivas xefaturas, e o seu compromiso coa mellora de atención primaria.

